

Díaz Castro e *Dorna*. A creba dun silencio

Xosé Manuel Salgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALGADO, XOSÉ MANUEL (2011 [1991]). “Díaz Castro e *Dorna*. A creba dun silencio”. *Dorna*: 17, 23-32. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/321>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, XOSÉ MANUEL (1991). “Díaz Castro e *Dorna*. A creba dun silencio”. *Dorna*: 17, 23-32.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DÍAZ CASTRO E *DORNA*. A CREBA DUN SILENCIO

Xosé M. Salgado

Varias anadas decorreron dende aquel ledor serán dun 25 de abril de 1981, no que un fato de mozos principiaron o que se deu en chamar unha "aventura mareira en Compostela". Nas mil e unha singladuras polo incansable mar de Calíope, xa lles sairon - nos sairon-, espolóns ós daquela ousados e inexpertos tripulantes da primeira *Dorna*.

Dende o comenzo da nosa andadura, estivemos sempre atentos a aquela voz que nos berraba "¡Máis alá!" dende o relanço de calquera camiño, de aí, que na mesa común de *Dorna*, compartisen cuberto e mantel as novas xeracións poéticas, os novos valores encargados de manter viva a vea poética dos devanceiros, a carón de figuras xa consagradas no mundo das nosas letras. Con todo, eramos sabedores de que vivíamos nunha nación na que uns poucos e, por desgracia, mediocres as máis das ocasións, levaban sempre os loureiros do triunfo; por iso estivo sempre entre os nosos cometidos, o de tentar recuperar algúns nomes confinados nunha nota a pé de páxina nas historias da Literatura máis acreditadas. E un deses nomes relegados ó case absoluto esquecemento, é o de Xosé María Díaz Castro, rescatado do ostracismo a partir do número 6 da nosa revista (1).

Calquera estudioso a pouco empeño que poña na empresa, doadamente poderá reconstruí-la traxectoria de Díaz Castro a través das páxinas de *Dorna*, con consultar soamente os índices da publicación. Mais non é esa a verea pola que nos imos adentrar; o noso vieiro discorrerá morosamente por entre os xa marelos papeis nos que Díaz Castro deixou impresa a súa letra para, amablemente, contestar ós requerimentos que lle íamos facendo dende *Dorna* e máis, concretamente ó noso coordinador Luís González Tosar (2). Quizais saian á luz moitas miudenzas diante das cales probablemente esbozarán un sorriso moitos eruditos, pero non é menos certo que, coa soa axuda desas miudenzas, poderemos reconstruír un pouco o mundo poético do dos Vilares, un mundo tan complexo coma ata o de agora ignoto.

Hai quen sostén que o único que hai que coñecer dun literato é a súa obra e con iso abonda. Recélase moitas veces, que mostrando ó home na súa realidade cotiá, se destrúa a lenda desta ou daquela persoa, entre un algo misteriosa e outro pouco

de inaccesible, que se foi formando entre os admiradores -como eramos nós ó principio-, e os amigos que co tempo chegamos a ser. Certamente, non pertencía Díaz Castro a esa bandada de aves canoras nin a ese grupo de criaturas ideais que os emblemáticos maxinan sen pés e así o fai saber na súa primeira carta na que, logo de animar e de transmiti-los seus parabéns dí:

"A xuventude debe ser entusiasta e atrevida; góstame vela así, como me gusta o panorama destas novas xeracións afervoradas na loita en prol da cultura, da ciencia e da prosperidade da Galiza. A visión deste rexurdimento gorenta o espírito (13-X-82)".

prosegue dicindo:

"Escríbanme cando queiran pra falárenme do que queiran. Eu non teño nada de inaccesible nin de solemne; estou aberto a todos, mormente á xente que se move no mundo da poesía e do arte (13-X-82)".

Non se fixo agarda-la primeira entrega de poemas con destino ás páxinas da revista:

"Son unha mesturanza de poemas en galego e castelán e tamén algunhas traducións.

Seguirei mandándolle máis mostras da miña produción: faiga Vde. dilas o que Vde. queira. Como xa dixen, hai tempo, nun poema que lle enviarei axiña,

Ya nunca más los reclamaré, nunca.

Crezcan y rían fuera de mi hogar.

No he de apagar el hambre que me dejan.

¡Haced con ellos vuestra navidad! (3)

Cáseque todas istas mostras son antigas, algunhas mesmo dos meus tempos de estudante. Como lle digo, mandareille outra xeira (poemas e traducións). Escolla os que Vde. queira e rompa os que non lle gosten (12-IV-83)".

Xa nunha misiva posterior, batemos cun Díaz Castro sumamente satisfeito e compracido por ver publicados os seus versos, ó tempo que incide en quitar ferro ós nosos, segundo el, iterados e absurdos prexucios:

"Dinantes de todo: moitas gracias polo envío do exemplar do número 6 de DORNA e máis pola inserción dises tres poemas meus, inda que son literariamente de pouco valor (refírome,

abofé, ós meus poemas).

Véxoos a Vdes. demasiado preocupados diante a dúbida de se o que Vdes. fan cos meus versos me gustará ou me desgustará. Agradezo a súa delicadeza, pero, por favor, líbrense Vdes. dises escrúpulos de conciencia e non se atormenten pensando niso. Pareceume ben que publicaran ises poemas meus. Como norma xeral: dagora endiante, teñen Vdes. a miña autorización para publicar calquera poema meu escrito en galego (4), tanto que seña antergo como novo, tanto que seña inédito como xa publicado. Isto mesmo vai tamén para calquera poema meu en lingua estranxeira e pra calquera tradución miña que lles mandei ou que lles mande de hoxe endiante. Os poemas vellos deben levar a denominación de "antergos", e os non publicados, a de "inéditos", como Vdes. acaban de indicar na última revista (26-V-83)".



Mais se recuamos un pouco no tempo, temos que anotar que, no primeiro contacto co poeta, topámonos cun Díaz Castro un tanto desnortado e quizais sorprendido pola premura con que nós lle solicitabámo-la súa colaboración. Coidamos que non ten desperdicio o seguinte fragmento, onde o poeta deixa paso ó home que nos franquea as portas do seu nese intre, desacougado espírito:

"Vostedes, por ser xovens, sinten tamén unha lóxica impaciencia por ver executado sin tardanza un plan trazado; queren vostedes que a miña colaboración sexa inmediata. Non pode ser, desgraciadamente, polo de agora, e sinto defraudar as súas ilusións. Verán: rebuscando antre os meus papeis, atopei somentes tres ou catro poemas (cando eu pensaba ter máis que iso), un deles inconcluso. Por outra banda, non teño, neste intre, moitos azos pra porme a escribir ou publicar cousas que vallan a pena, pois derradeiramente producíronse ó meu redor un xeira de novas tristes que me deixaron unha impresión da que aínda non me repuxen de todo: a revelación dunha enfermidade incurable dunha irmá miña, o pasamento dun dos meirandes amigos que tiña eu (en Lugo), o ingreso no UVI dun amigo e compañeiro de estudos; hai uns días, a morte súpeta do Director do noso Instituto (5), e outras cousas que me deixaron moralmente moi afectado (13-X-82)".

De tódolos xeitos, a súa colaboración con *Dorna* non se fixo esperar, a pesar de que nalgún momento chega a confesala-súas prevencións,

"Eu non quixera ser o eixe permanente de Dorna, ou seña comprometerme formalmente a colaborar en todol-os números da Revista; vexo ben que esta sexa prestixiada pola colaboración de escritores consagrados ou famosos, e que isa publicación esteña aberta á todol-os poetas das xeneracións xóvenes, pero a min resultaríame difícil enviar colaboracións pra todol-os números de Dorna" (10-IX-84)

endexamais deixou de participar na revista, mesmo cando o seu estado físico era xa feble de abondo. Reparade no seguinte anaco:

"Sufrín -no 30 de novembro- un infarto de miocardio, pro iso non me afecta á capacidade mental, e polo mesmo eu podo seguir colaborando na revista, en todos ou en cáseque todol-os números" (25-II-85)



Presentación do número 11 de *DORNA*.

Ramón Lorenzo, González Tosar e Díaz Castro. Composteia, febreiro de 1987.

E aínda que Díaz Castro alentou e saudou decote as novas que se ían producindo na nosa publicación

"Tamén me aledo de que DORNA vai millorando ostensiblemente. A súa revista gustoume dende principio: a calidade material (impresión, papel, ilustracións que suliñan e animan os textos, etc.) e tamén a selección de textos, en verso e prosa, a acollida de autores consagrados e noveles nas súas páxinas. Agora perfeccionouse considerablemente co engademento do CADERNO DE CRÍTICA LITERARIA e Seición de TRADUCIÓNS. Ista dúas cousas facían falla. Tamén é un adianto a inclusión de encartes e de reproducións de manuscritos de escritores famosos" (26-V-83).

sen acedume, pero dando mostra dun agudo sentido crítico, nalgunha ocasións manifesta a súa disconformidade, non coa liña editorial da revista pero si con algúns poemas que nela aparecen:

"Eu quixéralle suxerir que se establecera un millor criterio de selección de colaboracións prá Revista: ista é unha opinión

*miña totalmente personal, basada en que algúns poemas inser-
tados nos últimos números de DORNA parécenme francamente
mediocres ou probes, a pesares do uso, nalgúns casos, de for-
mas falsamente vangardistas "(10-IX-84)*

Sen quitarlle nin poñerlle razóns ó autor de "Penélope", ben
seguro que máis dalgún se librou de se-lo branco dos seus dar-
dos, de trocar de oficio o inesquecible mestre:

*"Non estou agora en "plan crítico de obras alleas; mais
penso que se me adicara a "facer crítica literaria", faríaa dende
ancos pouco habituais, e quizabes sería un crítico bastante
"implacable" "(26-V-83)*

Pero quizais a froita de máis bocado que bicou o chan ó aba-
lármo-las follas da súa árbore epistolar, foi aquela que nos
gorentou co arrecendo de saber que a súa voz non enmudecera,
logo da publicación de *Nimbos*:

*"En canto á miña obra poética, ademais de Nimbos, teño
publicados como Vde. sabe o poema "El cántico de la ciudad"
(en castelán) i a triloxía "Nascida dun sono" (en galego).*

*Inéditos: "Sombras radiantes" (poemario) i o longo poema
"Mediodía", ambos en castelán (...).*

*Teño tamén outros poemas, xeneralmente curtos, que non
figuran en ningunha das obras citadas. Andan por eiquí espalla-
dos antre os meus papeis. Uns son novos i outros xa vellos, en
castelán i en galego. Eu considero que non teñen grande valor
literario, pro pódollos mandar como cousa de simple curiosidade.*

*Moitas das cousas que fixen e que non atopo agora, foron
parar a outras mans, debido á miña confiada costume de presta-
las. Xa se sabe que "libro emprestrado, libro perdido". Así me
pasou con algúns vellos cadernos de poesía, que non me
importa telos perdido porque non os considero de valor, inda que
serían referencias da evolución da miña poesía. De feito eu
escribín moito, pero -como Vde. sabe-, publiquei pouco. Así me
pasou tamén coas traducións galegas de outros poetas, mor-
mente extranxeiros. Soio despoño das versións casteláns (Rilke,
por exemplo).*

*Fixen tamén algunhas traducións de poemas galegos ou
casteláns ó francés i ó inglés. Diso teño moi pouco.*

*Escribín tamén algúns poemas en francés e inglés. Son
soio uns poucos, pois non os conservo todos. Supoño que non
terán ningún interés para Vde." (23-II-83).*

Segundo ía desempoeirando os seus vellos papeis, paseniñamente, Díaz Castro foi remitíndo novas composicións:

"Poemas que fun desenterrando ao repasar os meus vellos papeis pra ordenalos, clasificalos ou tiralos ao cesto. Poden publicar os que consideren de máis valor" (29-IV-83).

"Mándolle agora outra tanda de poemas, que coido que será xa a última. Son poemas que fun desenterrando no escrutinio de tódolos documentos e papeis que estou facendo pra revisalos e ordenalos. De moitos deles xa non me lembraba en ausoluto e foron pra min cáseque unha solpresa. Moitos destes escritos (e non soio os poéticos ou literarios) irán parar ó cesto" (12-V-83).

Así mesmo, fomos tamén coñecedores de novos achados que, por desgracia, nen tivémo-la fortuna de ter nas nosas mans e que agardamos se exhumen canto antes:

"O seguir revisando os meus vellos papeis, fun encontrando algúns poemas que eu xa tiña esquencidos, e poida que inda atope máis. Tamén atopei a tradución castelá do poema de Walt Whitman "Oh captain!, my captain!". Atopei, ademais, -con grande solpresa miña-, a tradución que fixen en galego da obra FOUR QUARTETS de T.S. Eliot . Teño outras traducións máis (como a de varios poemas de Rilke); pro a miña pena é que non atopo (ou non teño agora á man) os orixinais de todas isas traducións, agás a do poema de Walt Whitman" (26-V-83).

Non quixeramos rematar esta escolma epistolar, sen salientarmos uns suxestivos comentarios do propio poeta, enormemente proveitosos para os que tenten de aproximarse á obra en castelán de Díaz Castro. Na primavera de 1983, recibimos unha nova carta súa na que, entre outras consideracións de menor relevo, di:

"Os poemas e poemiñas casteláns que lle teño enviado ata agora non son todos de SOMBRAS RADIANTES nin moito menos: creio que a metade deles non apertencen a esa colección, e coido que ningún deles foi publicado aínda. Inda que é unha longa xeira, voulle decir cales son: PIRÁMIDES TRUNCADAS, MUIÑEIRA, RODANDO, SUSTITUCIÓN, DEL LABRADOR, PESCADOR, LLUVIA, LA LECCIÓN, EL NIÑO SIN JUGUETE, Y VINO LA PRIMAVERA, BUENAS NOCHE, YA

QUE NO ME QUERRÁS..., LA SOMBRA SOBRE EL RÍO, HÁBLAME TU OTRA VEZ, ERA UN VERDE JERSEY, NOCHE-BUENA 1945, ACCIÓN DE GRACIAS, ¡ARRIBA!, JUSTICIA POÉTICA, POESÍA, CHIMENEA, PIEDAD CRUEL, EL PODER INVENCIBLE, DUDA ESENCIAL, PARADOJA AMARGA, EN ESPERA DEL ALBA... *Aínda teño algúns poemas casteláns máis que non son de SOMBRAS RADIANTES. Se quere, mándollos*".

"Vde. decíame nunha carta que algúns deses poemas en castelán lle causaran certa emoción. Eu agradeceríalle que me indicara os tídoos deses poemas que máis lle gustaron, e pídlle esto con un soio fin: pra eu tentar de traducilos ó galego, se poido. Quezabes estas traducións terían de ser sen métrica nin rima; é decir: en forma de pequenos poemas en prosa (6).

Verbo deste tema das traducións, a Vdes. quezabes lles parecería raro que eu traducira ó inglés, por exemplo, poemas de R. de Campoamor. Foi un capricho do antigo director do noso Instituto, que estaba adeprendendo o inglés cunha profesora británica e pedíume que lle traducira a un "inglés perfecto" algúns poemas de Campoamor. Traducinlle algúns, e soio lles mandei a Vdes. unha mostra como curiosidade. Tiven que decirlle a aquel director que eu non quería seguir traducindo a ese poeta. Se non fora porque el mo tiña pedido, eu endexamais traduciría nada de poetas tan mediocres como Campoamor, Núñez de Arce ou outros pseudopoetas e pseudofilósofos. Esa é a explicación" (10-IV-83).

Para un home que mostraba as súas preferencias por unha poesía "lírica, fonda, seria" (10-VI-83), e para quen a poesía "debe producir unha emoción estética, xa que non se trata dun mundo matemático, frío, mecánico, senón que é un produto profundamente humán expresado con beleza" (26-V-83), é lóxico que teimosamente incida en continuadas reflexións sobre a tan maltratada arte da traducción, arte que, por outra banda, apenas tiña segredos para el:

"Falando de traducións, tamén a min me gustaría traducir ó galego tódolos meus poemas casteláns, maormente os de SOMBRAS RADIANTES; se non fora por esta preguiza que me invadíu nos derradeiros tempos, quizabes tentaría de encetar ista laboura. Pro eiquí cómpre facer unhas observacións. Primeira: sei, por longa experiencia, o difícil que é traducir poesía: defórmase o corpo e o espírito do orixinal; desfaise a rima

(se a hai), rómpese o ritmo e pertúrbase a métrica, ademáis de que en toda poesía hai algo de misterio, difícil de expresar noutra língua. Hai que meterse na pel do autor e coñecer ben a súa língua e mail-a língua propia. Sabido é que hai traducións que empeoran o texto orixinal, outras que o milloran, pro a cuestión está en que se axeiten fielmente ó texto refrexando con palabras xustas a materia e o espírito do orixinal" (26-V-83).

Ó final do traxecto, semella invadirnos un certo sentimento de culpabilidade ó traiciona-la memoria do dos Vilares con estas revelacións. Mais, en descargo da nosa mala conciencia, non nos doen prendas en afirmar que foron estes requerimentos os que o sacaran dese estado de "preguiza intelectual" no que se achaba; de aí, que sendo en certa medida responsables do renacer de Díaz Castro, coído que non se nos pode tachar de oportunistas por dar a coñecer estes fragmentos epistolares, verdadeiros e valiosos expoñentes para achegármonos á face oculta de alguén que retoma un labor abandonado tempo atrás.

Cómpre lembrar, por outra banda, que el mesmo procurou e se ocupou da escolla dos seus poemas, sen opoñerse á idea de liberar algúns deles do seu vencello coas musas, mesmo poderíamos sinalar, que endexamais sentiu medo ningún a facelo, tentando deste xeito, presenta-la pequena mostra da súa obra aparecida en *Dorna*, coma un repertorio de modelos exemplares de estilo. Coidamos que isto é bastante demostrativo dos intereses do artista e absólvenos da acusación de estar facendo algo que repugnaría á súa natureza e maila á súa vontade.

Pensamos así mesmo, que, a pesar das pretendidas demoiicións dos "modernos", a obra de Díaz Castro, un Díaz Castro que soubo como ninguén descubri-lo ritmo secreto da paisaxe, segue sendo válida e non podemos menos que concordar con Méndez Ferrín cando afirma, que o mangado de poemas que nos deixou "sobrevivirannos a todos e pasarán aos séculos futuros coma un dos cumios líricos da nosa lingua e de todos os tempos" (7).

Este home en fin, que endexamais oficiara de vate, "tan sobrio e tan pouco mundano, que non sabía de loureiros nin de homenaxes" (8), revélase a través desta correspondencia, coma un home fundamentalmente asisado, bastante crítico coa súa obra e cheo de agarimo polos seus e pola terra. Agora, que as súas cartas nolo mostran máis versátil -mesmo hai anacos das cartas onde se desafoxa nunha vea xocosa-, non podemos evitar unha impresión un tanto melancólica, máis alá da que necesariamente nos poden deixar tódolos feitos do pasado, por definición abolido e defunto.

De verdade Xosé María, é mágoa non poder rematarmos xuntos esta historia que, por un erro, interrompeu a morte.

NOTAS

- (1) O número 6 da revista *Dorna* sae á rúa o día das Letras Galegas do ano 1983. Nela, baixo o epígrafe de *Versos antergos inéditos*, aparecen tres poemas de Xosé María Díaz Castro: "A fontela", "Unha estrela nova" e "Venganza".
- (2) O citarmos un fragmento dalgunha das súas cartas, a súa data de emisión coloca rémola ó final entre paréntesis. Por outra banda, mantemos unha absoluta fidelidade á lingua empregada polo poeta na redacción das mesmas.
- (3) Son os versos finais do poema "Rodando", poema pertencente, segundo nós manifestou o propio poeta, ó seu proxecto de libro *Sombras radiantes*, escrito todo el en castelán. Díaz Castro verqueu este poema ó galego e co título de "Rolando" apareceu publicado no número 11 de *Dorna* (Xaneiro de 1987). Díaz Castro traduciu estes versos da forma seguinte:
Non penso reclamálos, xa máis nunca.
¡Medren e rían fóra do meu lar!
Non hei de matar a fame que me deixan.
¡Facei con eles vós voso Nadal!
- (4) O suliñado é do propio Díaz Castro.
- (5) Reférese ó Director do *Instituto del Frío*, centro no que daquela traballaba Xosé María Díaz Castro.
- (6) O suliñado é noso.
- (7) V. MÉNDEZ FERRÍN, X.L.: "Homenaxe a Díaz castro", en *Faro de Vigo*, lunes 30 de abril de 1990, p.2.
- (8) ALONSO MONTERO, X.: "Dúas palabras sobre o poeta Xosé M. Díaz Castro", en *Homenaxe a X.M. Díaz Castro*, Asociación Cultural *Xermolos* de Guitiriz, Novembro, 1987, p. 17.